

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 13 DE MAIO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **PROXECTOS DE LEI**

##### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Proxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se dispón o cese de Ignacio Maestro Saavedra como director xeral de Mobilidade.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Mobilidade a Judit Fontela Baró.

##### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se nomea director de Portos de Galicia a Juan Sanmartín Ferreiro.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Augas de Galicia e a asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia para o proxecto Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ 5ª fase), por importe total de trescentos trinta e dous mil cincocentos setenta e oito euros (332.578,00€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Nigrán (Pontevedra) por importe dun millón douscentos dezaseis mil trescentos cincuenta e un euros con sesenta e nove céntimos (1.216.351,69€), IVE incluído
- Acordo polo que se autoriza a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Gondomar (Pontevedra), por importe de setecentos setenta e seis mil novecentos sesenta e catro euros con noventa e seis céntimos (776.964,96€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Arcade-Soutomaior (Pontevedra) por importe de catrocentos oito mil setecentos trece euros con corenta e dous céntimos (408.713,42€), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a solicitar ao Estado o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do estado de tramitación da Resolución do 22 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva, e se acorda o inicio da tramitación da ampliación de crédito desta por importe de 20.000.000,00€.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer pagamentos parciais en porcentaxe superior á recollida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se convocan as bolsas de formación do Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2024.
- Acordo polo que se toma razón da presentación no Concello da Coruña do documento da modificación puntual núm. 17 do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña no ámbito do Sector SURT-2 Parque Ofimático/Xuxán.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e Asociación Amigos de la Ópera da Coruña para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música operística en 2024 coa representación da ópera La Bohème, por un importe total de cento sesenta mil euros (160.000,00€), así como a realización de pagamentos anticipados ata o 80% da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Informe 'Un salto cara ao futuro, Galicia á vangarda da computación cuántica'.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Informe sobre o concerto social para a reserva e ocupación de 11 prazas nun centro de acollida e inclusión no concello da Coruña.
- Informe sobre a demanda e posta en marcha dos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade para 2024.

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a actualización, conforme a lexislación sectorial estatal e autonómica de Galicia, das fichas gráficas de afeccións, servidumes e limitacións sectoriais do dereito de propiedade do solo, con incidencia sobre a ordenación do territorio e urbanismo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na área de Vigo, por un importe total de dous millóns novecentos un mil novecentos cincuenta e dous euros con corenta e oito céntimos (2.901.952,48 €), de acordo co establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Informe final do programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia – Ano 2023.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario no ano 2024.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o Centro de Recursos Zoonéticos de Galicia.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre novas liñas de internacionalización de mercados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA REMITE AO PARLAMENTO O PROXECTO DE LEI DE RECURSOS NATURAIS PARA A SÚA APROBACIÓN**

- O Consello retoma nesta nova lexislatura a tramitación da lexislación que permitirá para reter en Galicia o beneficio ambiental económico e social dos proxectos que impliquen a produción de enerxía renovable e as concesións de augas e minaría
- Salienta que o obxectivo é “avanzar cara a unha economía máis sustentable” e situar Galicia “coma un referente na transición enerxética”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello acordou hoxe retomar nesta nova lexislatura a tramitación do proxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. “Aprobouse para remitila xa ao Parlamento e o obxectivo é que os froitos do aproveitamento dos nosos recursos naturais revertan en Galicia”, indicou.

O Goberno galego xa aprobara o pasado 21 de decembro o proxecto de lei, antes da publicación do decreto de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, que saíu no *Diario Oficial de Galicia* do 26 de decembro. Nesta nova lexislatura, cumpría aprobar de novo o proxecto de lei, así como a súa remisión ao Parlamento.

O obxectivo é contar cunha lexislación de referencia no aproveitamento dos recursos naturais tanto desde o punto de vista da sustentabilidade -velando por que se lles asignen usos óptimos e con vocación de perdurar no tempo- como do retorno social -poñendo esta riqueza ao servizo dos galegos-. “Grazas a esta normativa seguiremos avanzando cara a unha economía máis sustentable e Galicia será un referente na transición enerxética”, resaltou Rueda.

Durante a súa tramitación, logo do período de audiencia e información pública, así como da emisión dos distintos informes, introduciuse unha serie de propostas que melloran a claridade e precisión do texto co obxectivo de achegar unha maior seguranza xurídica.

Esta norma busca aproveitar a abundancia dos recursos naturais de Galicia para reter na Comunidade o beneficio ambiental económico e social dos proxectos que impliquen a produción de enerxía renovable e as concesións de augas e minaría.

Así, unha das principais novidades, tal e como explicou Rueda, consiste na integración dun estudo de impacto socioeconómico nestes proxectos, independentemente de que precisen de avaliación ambiental, valorando beneficios como “a creación de emprego, a mellora ambiental na contorna ou a redución do custo enerxético” aos consumidores locais.

O proxecto tamén prevé a participación da Administración nos proxectos mediante sociedades mercantís privadas; o establecemento de instrumentos financeiros para

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

apoiar as iniciativas, tales como préstamos, garantías ou incentivos fiscais; a introdución do canon á eólica mariña, cuxos beneficiarios serán os concellos afectados e o sector pesqueiro; un fondo con achegas públicas e privadas para financiar actuacións de recuperación das zonas afectados por incendios; unha regulación específica para facilitar o autoconsumo nas áreas empresariais; a creación dun mercado voluntario de créditos de carbono e un plan de valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización. Ademais, facilita o impulso de infraestruturas relacionadas coa mobilidade eléctrica.

Esta normativa axudará a dinamizar o medio rural, pois a localización de proxectos empresariais de interese común que repercutan de xeito positivo no territorio contribuirá a combater o despoboamento, a degradación dos espazos naturais e permitirá loitar contra os efectos do cambio climático. En definitiva, aumentará a resiliencia do propio medio rural, pero tamén o da sociedade no seu conxunto, xa que os proxectos facilitarán a dinamización social, non só polo emprego directo, senón polas compensacións que se establezan.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JUDIT FONTELA BARÓ COMO DIRECTORA XERAL DE MOBILIDADE**

Titulada en Dereito pola Universidade da Coruña foi xefa territorial na Coruña nas consellerías de Promoción de Emprego e Igualdade e da de Infraestruturas e Mobilidade, e actualmente ocupaba o cargo de directora territorial na Coruña da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

O Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe acordou o nomeamento de Judit Fontela Baró como directora xeral de Mobilidade, dentro do organigrama da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Judit Fontela naceu en 1980 na Coruña. É licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC) e desde 2008 funcionaria de carreira do corpo de xestión da Administración Civil do Estado.

Foi xefa de servizo na Unidade contra a Violencia Sobre a Muller da Subdelegación do Goberno na Coruña durante seis anos e xefa de sección de prestacións na dirección provincial do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) da Coruña. Tamén ocupou nos últimos anos os postos de xefa territorial na Coruña, primeiro da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade entre 2021 e 2023 e o ano pasado da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Actualmente desempeñaba o cargo de directora territorial na Coruña da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JUAN SANMARTÍN COMO NOVO DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA**

É enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade Politécnica de Madrid e máster en Dirección e Administración de Empresas M.B.A. pola Universidade de A Coruña

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Juan Sanmartín Ferreiro como novo director do ente público Portos de Galicia en substitución de Roi Fernández Añón que desempeñaba este cargo desde outubro do 2019.

Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade Politécnica de Madrid con máster en Dirección e Administración de Empresas M.B.A. pola Universidade de A Coruña e Programa de Alta Dirección de Empresas (PADE) pola Escola de Negocios Caixanova. Conta cunha ampla experiencia no ámbito da obra civil ocupando postos de dirección en diferentes empresas construtoras así como xefe de obra na execución de importantes no noroeste peninsular.

Tamén ocupou postos de representación en diferentes organizacións como Apecco (Asociación de Construtores de Coruña), a CEC (Confederación de Empresarios de Coruña), na Federación Galega da Construcción ou na Federación da Enxeñería Civil de Galicia entre outros.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE**

O Goberno galego destina máis de 332.500 euros á quinta fase deste proxecto, destinado á mitigación dos impactos dos eventos de seca no país africano, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coa asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia para o proxecto *Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (Aqua-Moz Secara- 5ª fase)*, por importe de máis de 332.500 euros ata 2026 por parte da Xunta. En concreto, 126.000 euros que achegará a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e os 206.578 euros restantes achegados por Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Trátase da quinta fase dunha iniciativa que ten como obxectivo xeral contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique, en relación cos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e da escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de bacía en Mozambique e con énfase nos episodios extremos.

Así, o proxecto denominado *Aqua-Moz Secara 5ª fase* é continuidade das anteriores accións desenvolvidas no marco dos convenios asinados en 2019, 2021, 2022 e 2023 no marco da xestión da seca en Mozambique e da loita e prevención contra os efectos do cambio climático. Deste xeito tamén se seguen fortalecendo as administracións rexionais de augas (ARA) do sur, norte e centro do país.

Durante a primeira fase de execución, en 2019, identificouse e comezouse a desenvolver a liña de acción centrada na seca, coa que se traballou no desenvolvemento e implantación dun sistema de monitoraxe da seca na bacía dos ríos Umbeluzi e Incomati; definíronse os procedementos xerais de xestión e do funcionamento interno da ARA sur en relación coa xestión da seca; e mellorouse a monitoraxe do estado dos encoros. Este traballo continuouse na segunda fase, na que as accións se centraron na ampliación das bacías monitoreadas e na mellora dos procedementos de xestión.

Na terceira fase incluíuse como socio líder a asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, cuxo rol se consolidou na cuarta fase, na que ademais se incorporou ao traballo en terreo a entidade ARA Centro, co que se ampliou o alcance da intervención.

Deste xeito, na quinta fase obxecto deste novo acordo, ademais de consolidar o papel de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e continuar a traballar coas tres ARA -sur, norte e centro- sumaranse novas accións dirixidas á realización de estudos de inundacións, así como a implantación de análises de precipitacións de modo continuado nas épocas secas e húmida do país.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa forma parte dos programas de cooperación técnica e económica que está a impulsar a Xunta en colaboración con outras entidades para a transferencia de coñecemento en prol da innovación nos países con baixo índice de desenvolvemento. Neste caso búscase transferir a experiencia e capacidades de Galicia na xestión dos recursos hídricos, un eido prioritario en Mozambique.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 2,4 M€ PARA GARANTIR O SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS A MÁIS DE 50.000 PERSOAS NOS CONCELLOS DE NIGRÁN, GONDOMAR E SOUTOMAIOR**

- O Consello autorizou esta mañá prorrogar ata maio de 2025 os contratos para a xestión das estacións depuradoras localizadas nestes tres municipios pontevedreses
- Augas de Galicia asumiu hai case dúas décadas a explotación destas instalacións municipais, ás que xa destinou ata o momento máis de 27 millóns de euros
- O acordo enmárcase na liña de colaboración técnica e económica que mantén o Goberno galego coas entidades locais para ofrecer unha alternativa de xestión autonómica destes servizos, profesionalizando a xestión e garantindo a súa calidade

A Xunta destinará 2,4 millóns de euros a garantir o correcto funcionamento do servizo de depuración de augas residuais nos concellos de Nigrán, Gondomar e Soutomaior a través da xestión e explotación das súas respectivas depuradoras. Considérase que a medida beneficiará máis de 50.000 persoas, as mesmas ás que poderían chegar a dar servizo actualmente estas instalacións.

Para tal fin, o Consello autorizou hoxe prorrogar por un ano máis —ata maio de 2025— os contratos para a xestión das tres estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) existentes nestes municipios pontevedreses, cun custo previsto de 1,2 millóns de euros no caso da planta de Nigrán, de 0,8 millóns na de Gondomar e de 0,4 millóns na de Arcade, en Soutomaior.

As tarefas que se desenvolverán comprenden, entre outras, o mantemento do funcionamento normal das tres instalacións de forma ininterrompida e continuada para manter, en todo momento, uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa vixente aplicable.

Ademais, a explotación das EDAR tamén inclúe a retirada, transporte e vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e peneiras cumprindo coas debidas condicións hixiénicas, o secado dos lodos producidos e a xestión e conservación en perfecto estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipamentos que integran a planta, así como as demais tarefas e operacións necesarias para unha adecuada prestación do servizo.

Cómpre lembrar que a Xunta, a través do organismo de bacía autonómico Augas de Galicia, asumiu a xestión e explotación das estacións que tratan as augas residuais dos concellos de Nigrán, Gondomar e Soutomaior no ano 2005 mediante a formalización dos correspondentes contratos, nos que o Goberno autonómico leva investidos ata o momento algo máis de 27 millóns de euros.

A vixencia dos contratos orixinais rematou a mediados do ano 2020 polo que, en virtude do previsto na Lei de contratos das administracións públicas, sométese agora á

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autorización do Consello da Xunta a que será a súa terceira prórroga —logo das dúas autorizadas nos anos 2020 e 2022— para poder seguir ofrecendo o servizo.

### **Colaboración coas administracións locais**

Aínda que a prestación dos servizos de saneamento e abastecemento son unha responsabilidade de competencia municipal, a Xunta leva anos prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesiten no marco dunha estratexia coa que busca ofrecer unha alternativa de xestión autonómica dos servizos da auga.

Esta liña de colaboración viuse reforzada coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, aprobada no ano 2022, que desenvolve ferramentas de apoio aos municipios en materia de depuración e saneamento ante as dificultades técnicas e financeiras que teñen algúns deles para asumilo, facilitando que este servizo o poida prestar directamente a Xunta mediante un sistema de adhesión voluntario.

Ademais, o actual modelo de prestación de servizos autonómicos contribúe tamén a profesionalizar a xestión da auga, a garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos básicos para a cidadanía.

Na actualidade, Augas de Galicia encárgase da explotación de 28 estacións depuradoras de augas residuais no conxunto da comunidade. Delas 14 son de titularidade municipal e están baixo xestión autonómica, incluídas as depuradoras de Nigrán, Gondomar e Soutomaior; 1, a de Praceres, que dá servizo a Pontevedra, Poio e Marín, é de titularidade autonómica; e as 13 restantes foron construídas mediante a fórmula de concesión e o prazo de explotación aínda non rematou.

Neste sentido, a Xunta mobilizará este ano un orzamento total de 85 millóns de euros para financiar actuacións de saneamento e depuración de augas en toda Galicia, incluíndo os custos de explotación destas 28 depuradoras (por 25 millóns de euros).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA SOLICITA AO ESTADO O TRASPASO DAS FUNCIÓNS E SERVIZOS NECESARIOS PARA PODER ASUMIR A XESTIÓN COMPLETA DO SEU LITORAL**

- Rueda anuncia que o Consello autoriza reclamar ao Executivo central que inicie o procedemento a través da Comisión Mixta de Transferencias entre ambas administracións
- Salienta que a Xunta agarda que o proceso sexa “rápido” para poder facer efectiva a aplicación práctica da normativa autonómica “canto antes”
- O obxectivo é lograr canto antes a transferencia mediante Real Decreto de todos os medios materiais e persoais que necesita para poder outorgar, prorrogar, modificar ou extinguir concesións para o uso e a ocupación do dominio público marítimo-terrestre, acadando o autogoberno pleno sobre a costa

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello acordou hoxe “iniciar os trámites” para solicitar formalmente ao Estado “o traspaso dos medios materiais e persoais” a Galicia para poder “exercer as competencias” en materia de ordenación do litoral que ten atribuídas polo seu Estatuto e que foron “ratificadas polo Tribunal Constitucional”.

O obxectivo é superar a actual situación na que o Goberno central segue exercitando un papel que non lle corresponde nesta materia. Para iso, tal e como explicou Rueda, a Xunta vai solicitar ao Executivo central “que inicie este procedemento a través da Comisión Mixta de Transferencias”, órgano paritario “integrado por representantes de ambas administracións” e que será o que adopte o acordo de traspaso, que deberá ser aprobado mediante Real Decreto.

Cómpre lembrar que o pleno do Tribunal Constitucional (TC) avalou por unanimidade a validez e o contido da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia nunha sentenza aprobada o pasado 23 de abril que reconece tamén as competencias exclusivas da Comunidade con relación á materia que se regula nesta norma.

Apenas tres semanas despois e co fin de poder empezar a aplicar na práctica a lei, o Goberno autonómico deu hoxe un paso clave ao acordar solicitar a transferencia das funcións e servizos da Administración Xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral. “Agardamos que o traspaso sexa rápido para poder facer efectiva a normativa canto antes”, indicou o presidente.

A sentenza do TC avala que Galicia non se extralimitou nas súas competencias nin invadiu as estatais no dominio público marítimo-terrestre (DPMT). Neste sentido, considera que a Comunidade, que xa dispón estatutariamente da competencia exclusiva para a ordenación do territorio e do litoral, poderá asumir tamén a xestión dos títulos para o uso e a ocupación desta franxa costeira sen modificar o seu Estatuto, xa que se trata dunha das facultades de carácter executivo que forma parte desa competencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Isto inclúe, particularmente, a función para o outorgamento —e, conseguintemente, tamén a prórroga, modificación e extinción— das autorizacións e concesións previstas na normativa de costas na parte do litoral sobre a que Galicia ten competencias.

De feito, a Lei do litoral galega prevé e regula o outorgamento de concesións no dominio público marítimo-terrestre, fixando a tal fin un procedemento integrado para a concesión destes títulos e tamén a creación dun rexistro de autorizacións e concesións.

O recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central, sen embargo, impediu a aplicación deste e doutros preceptos clave da norma galega, que quedou bloqueada na práctica durante máis de seis meses.

A recente resolución do TC, polo tanto, supón un recoñecemento expreso da competencia autonómica sobre a xestión dos devanditos títulos e fai necesario proceder canto antes ao correspondente traspaso a Galicia dos medios e servizos da Administración estatal para que poida exercer todas as facultades e funcións executivas relacionadas coa ordenación do litoral e completar así o proceso de transferencia das competencias sobre a costa iniciado fai xa máis de 40 anos.

### **Pioneira en regular a costa en toda a súa extensión**

Coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, en xullo de 2023, Galicia converteuse na primeira comunidade española en regular por lei a franxa costeira en toda a súa extensión, é dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

Partindo da consideración da costa desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica), a norma establece unha nova zonificación desta franxa, con tres grandes áreas diferenciadas en función do seu estado de conservación e das necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral.

A normativa tamén delimita as actuacións e usos estratéxicos que permitirán o seu asentamento e a ocupación da costa e con ela dáse un paso adiante decisivo para que Galicia poida asumir, ao fin, o autogoberno pleno sobre os seus máis de 2.500 quilómetros de costa, nos que traballan arredor de 40.000 persoas da cadea mar-industria e que xera 9.000 millóns de euros anuais, preto do 5% do PIB de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AMPLÍA ATA OS 50 M€ O PROGRAMA DE PRÉSTAMOS DIRECTOS ANTE O INTERESE AMOSADO POLO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO**

- O obxectivo da liña é mellorar as condicións de acceso ao crédito de autónomos e empresas galegas, favorecendo a entrada a instrumentos de débeda nun contexto de aumento dos tipos de xuro
- A convocatoria abriuse en xaneiro cun orzamento de 30 millóns, e desde entón recibíronse xa solicitudes por un importe próximo a esa cifra, motivo polo que o Goberno galego prevé a ampliación do orzamento nun 70% achegando outros 20 millóns
- O programa suma cinco liñas con dúas novidades: os préstamos para financiar a implantación de empresas galegas no exterior, e aqueles para as empresas de transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura, e para a industria manufactureira

O Consello da Xunta coñeceu hoxe do inicio dos trámites para a ampliación da liña de préstamos directos do Igape ata os 50 millóns de euros ante o crecente interese e a demanda do tecido empresarial galego deste programa que, no escenario económico actual, busca promover a competitividade dos autónomos e as empresas galegas.

Neste sentido, o obxectivo é mellorar as condicións de acceso ao crédito do tecido produtivo, favorecendo a entrada a instrumentos de débeda, meta para a que se destinaron, inicialmente, 30 millóns de euros, abríndose o prazo de presentación de solicitudes o pasado 16 de xaneiro.

Desde entón, téñense recibido xa solicitudes por un importe próximo a eses 30 millóns, motivo polo que o Goberno galego prevé ampliar agora o orzamento inicial nun 70%, achegando outros 20 millóns adicionais para facer fronte á demanda estimada ata o fin de prazo establecido, que se mantén a finais do mes de novembro.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, contribúe a impulsar o financiamento de proxectos estratéxicos e outras actuacións de interese para o tecido empresarial de Galicia, facilitando o acceso ao crédito nun contexto de aumento dos tipos de xuro, que están a supoñer unha importante carga para as empresas.

Cómpre lembrar que a convocatoria presentaba desta volta dúas grandes novidades: dun lado, a concesión de préstamos para financiar a implantación de empresas galegas no exterior e, doutro, os préstamos para financiar circulante para as empresas de transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura, e para a industria manufactureira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que respecta á liña de internacionalización, está previsto financiar a empresas con centros de traballo en Galicia que poñan en marcha novos establecementos, sucursais ou filiais en ata 60 países dos cinco continentes.

O importe mínimo dos préstamos oscilará entre os 300.000€ e un máximo de 1 millón de euros, contribuíndo á expansión do tecido empresarial galego, que viña consolidando no último ano os rexistros históricos acadados ao peche do 2022, cando Galicia rozou os 30.000 millóns en vendas ao exterior.

A segunda novidade céntrase na industria manufactureira, artellándose os mecanismos necesarios para a concesión de préstamos ás empresas do sector na procura de acomodar a súa devolución ao diñeiro xerado polas operacións da empresa. O importe dos préstamos oscilará tamén entre 300.000€ e 1 millóns de euros, cunha duración de ata oito anos con dous de carencia.

### **Investimentos estratéxicos, centros tecnolóxicos e naval**

Así mesmo, e como vén sendo habitual, o programa atende tamén aos investimentos estratéxicos das empresas, promovendo a creación de novas instalacións e a mellora das existentes, ou o incremento da súa capacidade produtiva.

Cubrindo ata o 50% do investimento a financiar, e cun máximo de 5 millóns, neste caso os préstamos terán unha duración de ata doce anos coa carencia que requira o proxecto.

Ademais, os préstamos directos financiarán actuacións levadas a cabo por centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, de I+D ou de servizos de interese para o tecido empresarial galego. Nestes casos, o seu importe oscilará entre 75.000€ e 1,5 millóns, cubrindo ata un máximo do 75% do investimento financiable.

Así mesmo, atenderanse tamén as operacións levadas a cabo pola industria auxiliar naval, co obxectivo de apoiar a estas empresas facilitándolles o financiamento a longo prazo. O importe mínimo do préstamo será de 50.000 euros e o máximo de 1 millón euros, resultando o prazo de devolución de seis anos, incluíndo dous de carencia.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONVOCATORIA DE 13 BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE VIVENDA PARA TITULADOS UNIVERSITARIOS

- O Goberno galego mobiliza un investimento de 196.800 euros para financiar esta iniciativa formativa, incluíndo tamén a achega á Seguridade Social
- Os bolseiros desenvolverán a formación no Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) durante un período de 12 meses, susceptibles de ampliación por 6 meses máis
- O obxectivo da resolución é convocar 5 bolsas para titulados no grao en Arquitectura, 1 para Arquitectura Técnica, 6 para Dereito e 1 para Economía
- O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia
- Os demandantes deben ter rematado o grao exixido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2020, acreditar competencia en lingua galega no nivel Celga 4 e non ter emprego remunerado no momento da solicitude

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de 13 bolsas de formación en materia de vivenda para titulados universitarios.

O Goberno galego mobiliza un investimento de 196.800 euros para financiar esta iniciativa formativa, incluíndo tamén a achega á Seguridade Social. Ademais, sumarase o custo do seguro de responsabilidade civil para accidentes que subscribirá o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Os bolseiros desenvolverán a súa formación no Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) durante un período de 12 meses, susceptibles de ampliación por 6 meses máis.

O obxectivo da resolución é convocar 5 bolsas para titulados no grao en Arquitectura, 1 bolsa para o caso de Arquitectura Técnica, 6 para graduados en Dereito e 1 en Economía.

Os beneficiarios destas prácticas contarán cunha retribución económica de 1.200 euros brutos ao mes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

#### **Requisitos**

Os beneficiarios desta iniciativa son todas aquelas persoas que no momento de presentar a solicitude reúnan unha serie de requisitos, como ter rematado o grao exixido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2020.

Os demandantes da citada bolsa tamén deben ter competencia en lingua galega no nivel Celga 4 ou superior, non ter sido obxecto doutra iniciativa de formación do IGVS ou doutra similar nin ter emprego remunerado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta convocatoria dálles continuidade ás que vén realizando o Instituto Galego da Vivenda e Solo nos últimos anos. Así, os bolseiros da última convocatoria atópanse xa en pleno desenvolvemento da súa formación e fáltranlles 6 meses de duración da prórroga da bolsa.

O Goberno galego, con este tipo de iniciativas, continúa a facilitar a realización de prácticas complementarias aos estudos teóricos e favorecer o acceso ao mercado laboral de estudantes que rematasen recentemente a súa formación superior.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA ACELERA OS TRÁMITES PARA A CONSTRUCCIÓN DE 560 VIVENDAS PROTEXIDAS NA CORUÑA**

- Salienta que o Goberno autonómico remitirá a próxima semana ao Concello da Coruña o documento de modificación do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para incrementar as vivendas protexidas no barrio de Xuxán
- Lembra que o barrio contará con “máis de 1.500 vivendas protexidas”, das que 40 xa foron entregadas a finais de 2023
- A modificación do PXOM permitirá mudar o uso de dúas parcelas propiedade da Xunta, nas que se poderán construír 520 vivendas protexidas, e doutra municipal, na que se poderán executar outras 40
- O Goberno galego continúa reforzando a súa aposta para facilitar o acceso á vivenda aos cidadáns, tal como reflicte o orzamento deste ano do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que aumenta un 26,4% ata preto de 178 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello acordou hoxe “acelerar os trámites para a construción de 560 vivendas protexidas no barrio de Xuxán na Coruña”. Para iso, o Goberno autonómico remitirá a próxima semana ao Concello da cidade o documento de modificación do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

No marco do “obxectivo de duplicar o parque público residencial”, o Consello autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón da presentación no Concello da Coruña do documento da modificación puntual núm. 17 do Plan xeral de ordenación municipal no ámbito do sector SURT-2, na área Parque Ofimático/ Xuxán.

O Goberno galego enviará este documento da modificación ao Concello para que inicie a súa tramitación, trasladándoo á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para proceder á avaliación ambiental estratéxica.

Dada a elevada demanda de vivenda protexida no concello da Coruña, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) considerou conveniente propoñer ao municipio a modificación do plan parcial para mudar o uso previsto nas parcelas de xeito que estas se poidan destinar á construción de inmobles.

O obxectivo é modificar a ordenación e os usos da parcela Z41, de propiedade municipal, e das parcelas Z44 e Z46, de titularidade autonómica, co fin de incrementar a edificabilidade residencial do ámbito, reducindo na mesma medida a edificabilidade destinada a uso terciario.

A modificación do PXOM permitirá cambiar o uso de dúas parcelas propiedade da Xunta, nas que se poderán construír 520 vivendas protexidas. Tamén se modificará unha parcela municipal, na que se poderán construír 40 vivendas protexidas.

#### **Vivenda pública**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O presidente da Xunta lembrou que o Goberno autonómico rematou e entregou a finais de 2023 “un bloque de 40 vivendas de promoción pública” neste ámbito de Xuxán.

Tamén se atopa adxudicada a obra de construción doutras 40 vivendas, redactado o proxecto dun grupo de 50 e pendente de licitar a redacción do proxecto doutras 14 vivendas. En total, serán 144 vivendas de promoción pública construídas polo Goberno galego.

Ademais, dúas cooperativas acometerán 256 vivendas protexidas para alugueiro nas cinco parcelas adxudicadas en dereito de superficie, polo que, pasado o período de concesión, as vivendas pasarán á propiedade da Xunta de Galicia.

Neste sentido, Rueda resaltou que “un barrio de recente creación como Xuxán” contará “con máis de 1.500 vivendas protexidas”, sumando as construídas pola Xunta e as executadas por promotores e cooperativas sobre solo adxudicado polo Goberno galego.

### **Aposta pola vivenda**

O Goberno galego continúa reforzando a súa aposta para facilitar o acceso á vivenda aos cidadáns. Así o reflicte o orzamento deste ano do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que aumenta un 26,4% ata preto de 178 M€, reservando o 45% dos seus investimentos a incentivar medidas de acceso á vivenda, e triplicando ata os 32 M€ os fondos para construír 737 vivendas públicas nas 7 grandes cidades galegas.

As contas autonómicas tamén recollen unha partida de preto de 32 M€ para manter os incentivos económicos á construción de inmobles destinados a alugueiro social e ás axudas aos inquilinos para pagar as súas rendas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ORGANIZACIÓN DA TEMPORADA LÍRICA DA CORUÑA CUNHA ACHEGA DE 160.000 EUROS**

- O Consello aproba a sinatura do convenio de colaboración coa Asociación Amigos de la Ópera, entidade decana das asociacións líricas españolas e referente na difusión deste ámbito musical
- A posta en escena de *La Bohème*, de Puccini, será un dos eixos centrais desta programación no centenario do pasamento do gran compositor italiano

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Amigos de la Ópera da Coruña, a través do que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude contribuirá con 160.000 euros á organización da 72ª edición da temporada lírica da cidade herculina. Incrementábase así en 10.000€ o compromiso do Goberno galego co labor desenvolvido por este colectivo coruñés que, con máis de 70 anos de historia, é a entidade decana das asociacións líricas españolas e referente dentro e fóra de Galicia na difusión deste ámbito musical entre todo tipo de públicos.

A achega económica da Xunta de Galicia a esta programación materializarase na posta en escena e nas actividades paralelas da ópera *La Bohème*, de Giacomo Puccini, que poderá verse a primeiros de setembro no Palacio da Ópera. Será un dos principais eixos da temporada lírica, que a organización está a preparar para 2024 e que, como en anos anteriores, ofrecerá numerosas citas musicais durante todo o outono.

Coa produción de *La Bohème*, Amigos de la Ópera renderá homenaxe ao gran compositor italiano no centenario do seu pasamento cunha das súas obras máis coñecidas, baixo a dirección musical de José Miguel Pérez-Sierra e a escénica de Danilo Coppola. Contará, ademais, cun elenco de primeiro nivel, entre o que se atopan, ademais, varios intérpretes galegos.

Neste sentido, continúaase afondando no papel da programación lírica coruñesa como plataforma para contribuír a unha maior proxección social do traballo de cantantes, compositores e músicos galegos no ámbito da lírica.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA POTENCIA OS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E IMPULSARÁ PROXECTOS TRACTORES QUE FAVOREZAN A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE DO COMERCIO LOCAL DAS VILAS E CIDADES GALEGAS**

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración activará no segundo semestre do ano unha convocatoria pioneira para financiar iniciativas dinamizadoras destas entidades, co obxectivo de reforzar este sector, garantir a súa remuda e xerar puntos de atracción comercial en toda Galicia
- Apostarase por proxectos que permitan afondar na diferenciación dos produtos e servizos do comercio local, apoiando o esforzo de renovación e adaptación continua aos novos retos
- Dentro do apoio aos centros comercios abertos como eixos do tecido socioeconómico de vilas e cidades, o Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde dotada con 2,2M€, que permitirá ás beneficiarias realizar campañas de dixitalización, fidelización ou de dinamización comercial
- Estas dúas iniciativas entroncan no compromiso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de impulsar a competitividade do tecido comercial, asegurando a viabilidade e renovación xeracional dun sector chave no desenvolvemento de Galicia

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración reforza a súa aposta polos centros comerciais abertos de Galicia como eixos fundamentais do tecido socioeconómico das vilas e cidades galegas, un compromiso plasmado cunha nova orde de axudas, dotada con 2,25 millóns de euros e aprobada hoxe polo Consello da Xunta, e que se complementará, por primeira vez, cunha convocatoria que se lanzará no segundo semestre do ano para financiar proxectores tractores de dinamización destas entidades que favorezan a innovación e a competitividade do comercio local.

A finalidade desta segunda orde, de carácter innovador, será a de contribuír ao impulso da modernización do sector comercial galego co fin de reforzar a economía local. Deste xeito, e dentro da aposta por un sector absolutamente estratéxico, a Xunta seleccionará e financiará iniciativas propostas polos propios centros comerciais abertos, para que poidan afondar na diferenciación dos seus produtos e servizos, e se confirmen como axentes primordiais da xeración de riqueza e emprego, ao tempo que se lle dá pulo ao territorio e se fixa poboación, contribuíndo á revitalización dun sector chave no desenvolvemento das vilas e cidades galegas.

Esta convocatoria complementa a que se vén de aprobar hoxe e que, como novidade tamén, ofrecerá un tratamento diferenciado aos centros situados nas sete grandes cidades de Galicia e aos do resto de concellos. Perséguese así dar unha mellor resposta ás necesidades de cada un dos dous grupos, buscando o fortalecemento da oferta destas entidades comerciais para que sexan foco referente de atracción económica, nun

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contexto que exige un amplo esforzo de renovación e adaptación continuo aos novos desafíos do sector.

A Consellería de Emprego tamén acaba de completar con éxito a 5ª edición do bono Activa comercio, que conseguiu a adhesión de 6.850 establecementos adheridos e esgotou o seu crédito de 2,5 millóns de euros en apenas cinco días. Esta iniciativa, que se repetirá cara ao outono, permitiu a descarga de preto de 300.0000 bonos por parte dos particulares, e xerou 12 millóns de euros en vendas nos establecementos que se sumaron.

### **Detalles da convocatoria aprobada hoxe**

Enmarcada no compromiso coa revitalización do comercio local como elemento esencial do desenvolvemento económico e social das vilas e cidades galegas, a Xunta convoca unha orde de axudas que o ano pasado chegou a 51 asociacións deste tipo das catro provincias galegas.

As achegas máximas desta convocatoria poderán alcanzar os 52.000 euros e poderán destinarse a actuacións de dinamización comercial, fidelización de clientela, dixitalización ou ao mantemento da unidade xerencial.

Grazas á achega autonómica da Xunta, os beneficiarios teñen a oportunidade de financiar gastos derivados de campañas de dinamización, feiras de oportunidades ou eventos de promoción comercial. Tamén descontos en aparcadoiros vencellados coas vendas, envíos en liña, mantemento de marketplaces, ou desenvolvemento de apps de fidelización.

Estas axudas teñen como potenciais beneficiarias asociacións de comerciantes de carácter territorial e sen ánimo de lucro que, legalmente constituídas, desenvolvan proxectos de interese para revitalizar a actividade comercial nas súas localidades. Tanto no caso das sete grandes cidades coma do resto dos concellos, estes centros deben contar cunha xestión profesionalizada, delimitación territorial definida, diversidade de oferta comercial e, como mínimo, representar 50 negocios retalistas.

### **Máis medidas en prol do comercio**

Garantir a competitividade do tecido comercial galego, asegurando a súa viabilidade e impulso, e tamén a súa renovación xeracional é un dos grandes obxectivos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Entre os retos máis inmediatos atópanse a innovación do sector retalista e a súa dixitalización.

A Xunta de Galicia ten en marcha o futuro Plan estratéxico do comercio, que contará coa implicación das principais entidades. Ademais, está a deseñar o Mapa do comercio de Galicia, un espazo que terá en conta todo o sector comercial integrado dentro das asociacións, cun buscador por tipoloxía de establecemento, xeolocalización e información detallada para potenciais clientes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Emprego tamén acaba de completar con éxito a 5ª edición do bono Activa comercio, que conseguiu a adhesión de 6.850 establecementos adheridos e esgotou o seu crédito de 2,5 millóns de euros en apenas cinco días. Esta iniciativa, que se repetirá cara ao outono, permitiu a descarga de 300.0000 bonos por parte dos particulares, e xerou 12 millóns de euros en vendas nos establecementos que se sumaron.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ABRIRÁ ESTE MÉRCORES A INVESTIGADORES DE GALICIA E DE TODA ESPAÑA O COMPUTADOR CUÁNTICO DO CESGA PARA POSICIONAR GALICIA NA VANGARDA NESTE EIDO

- A nova infraestrutura QMIO priorizará o I+D+i galego que se faga nas universidades, nos centros de investigación, centros tecnolóxicos e empresas
- Un protocolo de acceso asignará os permisos en función do interese científico das propostas e fomentará a colaboración entre investigadores de Galicia e do resto do Estado co obxectivo de gañar relevancia científica e atraer talento a Galicia
- A iniciativa enmárcase no Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia, no que se levan investidos 30M€ e que suma unha trintena de empregos de alta cualificación

A Xunta vai poñer á disposición do ecosistema de I+D+i, principalmente o galego pero tamén de toda España, o computador cuántico QMIO, situado no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga). O obxectivo é situar Galicia á vangarda nesta tecnoloxía, aínda en pleno desenvolvemento, e que está a xerar un amplo interese no nivel internacional nestes momentos. Trátase do primeiro computador cuántico deste tipo instalado en España e o que conta con máis cúbits do sur de Europa instalado nunha institución pública.

A nova infraestrutura, despregada por Fujitsu e en funcionamento desde outubro de 2023, estará aberta desde este mércores, día 15 de maio, á investigación e desenvolvemento que se faga nas universidades, nos centros de investigación, centros tecnolóxicos e empresas, tanto de Galicia como nacional. Darase acceso a través dun protocolo que fomenta a colaboración entre investigadores da nosa Comunidade e de toda España, co obxectivo de gañar relevancia científica e atraer talento. De feito, con carácter xeral, os centros de investigación nacionais terán acceso na medida en que colaboren con entidades de investigación galegas.

A maiores, resérvase unha pequena parte con fins formativos e xeración de talento, así como para uso do propio Centro de Supercomputación de Galicia, que na actualidade conta cun grupo de investigación en computación cuántica composto por 11 persoas.

A iniciativa enmárcase dentro do Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia, en que a Xunta e outras institucións levan executado un investimento de 30M€.

#### **Aplicación en diversos ámbitos**

Cómpre sinalar que as tecnoloxías cuánticas actuarán, a medio e longo prazo, como o elemento tecnolóxico disruptivo que acelerará o desenvolvemento económico en practicamente todos os sectores ao dar lugar a innumerables aplicacións e avances en medicina, intelixencia artificial, ambiente, biotecnoloxía, farmacoloxía, química, aeronáutica, automoción, loxística, telecomunicacións, finanzas, etc.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como consecuencia, a computación cuántica permitirá descubrir novos medicamentos, deseñar novos materiais, descubrir novos procesos químicos, acelerar e reducir o consumo dos modelos de intelixencia artificial, optimizar os procesos de produción, e mellorar a eficiencia enerxética, entre outros aspectos. Como exemplo, no marco do proxecto Europeo Next Applications of Quantum Computing (NEASQC), no que o Cesga participa xunto coa Universidade da Coruña (UDC), xa se acadaron fitos como a creación de dous novos algoritmos financeiros e de diagnose de cancro.

Abrindo o acceso ao QMIO para actividades de I+D+i búscase situar a comunidade investigadora á vangarda nesta tecnoloxía emerxente e situar Galicia no liderado da investigación e innovación en tecnoloxías cuánticas da información nos próximos anos.

De feito, as actuacións postas en marcha do Polo de tecnoloxías cuánticas xa xeraron unha trintena de empregos directos de alta cualificación en Galicia, e espérase un incremento nos próximos anos debido aos proxectos que captarán os investigadores.

### **Protocolo e tipos de acceso**

O acceso ao QMIO será gratuito e está destinado exclusivamente a actividades de I+D+i, reservando unha pequena parte para fins educativos dirixidos á xeración de talento en computación cuántica. Para organizar a explotación deste recurso, establécese un protocolo de acceso que asignará os permisos avaliando o seu interese científico, aínda que tamén se prevé o acceso directo a pequenos proxectos exploratorios en probas.

O protocolo establece catro tipos de acceso: a través da Rede española de supercomputación (RES), acceso aberto, acceso reservado para o Cesga e acceso con fins educativos. O primeiro deles canalizarase a través dos protocolos da Rede española de supercomputación (RES) da que o Cesga é un nodo. Neste caso, o Cesga achegará o 20% do tempo dispoñible do ordenador cuántico á RES, quen asignaría os recursos a través dos protocolos definidos para tal efecto na RES.

No caso do acceso aberto, canalizarase a través dos trámites e convocatorias abertos polo propio Cesga. Dentro do tipo de acceso libre distínguense dous tipos de actividades, as de curto alcance (pequenos proxectos exploratorios ou probas) e as de medio e longo alcance (proxectos con necesidades grandes de recursos priorizados, con fins científicos específicos e preparados para a súa execución inmediata).

O terceiro tipo de acceso está reservado para o persoal do Cesga, para proxectos en que participe o centro e para convenios específicos de colaboración con fins de investigación ou desenvolvemento tecnolóxico con outras institucións. Tamén se inclúen nesta categoría os proxectos de carácter estratéxico que considere.

Finalmente, o protocolo prevé o acceso para actividades educativas de universidades galegas, centros de investigación galegos ou o CSIC, onde se dará prioridade a iniciativas que forman parte dos traballos de fin de grao e fin de mestrado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PRIMEIRO CONCERTO SOCIAL PARA A CONTRATACIÓN DE ONCE PRAZAS NUN CENTRO DE ACOLLIDA E INCLUSIÓN RESIDENCIAL NA CORUÑA**

O investimento supera o millón de euros para unha duración inicial de catro anos

O Consello da Xunta autorizou hoxe un concerto social para a reserva e ocupación de once prazas nun centro de acollida para persoas en situación de rúa, situado na Coruña, que é o primeiro que se leva a cabo no ámbito da inclusión. O orzamento destinado a esta convocatoria supera o millón de euros e a súa duración inicial será de catro anos, prorrogables ata un máximo de dez.

A través deste servizo, o Goberno galego ofrece ás persoas sen fogar aloxamento e manutención, así como a participación nun programa personalizado de inserción social e laboral. Mañá martes sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) esta convocatoria e abrirase o prazo para que as entidades sociais envíen as súas propostas.

A Xunta leva aprobados nos últimos meses diferentes concertos sociais nos eidos da infancia, da atención á discapacidade ou dos coidados aos maiores. Esta fórmula permite blindar uns servizos que son fundamentais para mellorar a calidade de vida destas persoas e as súas familias, e dar máis seguridade ás entidades que os prestan, ao garantir a continuidade das prazas e incrementar o investimento nelas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DUPLICOU NOS ÚLTIMOS ANOS A SÚA OFERTA DE PRAZAS NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE ATA AS 250 ACTUAIS

Na edición deste ano cubriranse o 100% das prazas postas á disposición das familias

O Consello da Xunta abordou hoxe un informe sobre o programa de campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade, cuxa convocatoria deste ano se pechou recentemente. Nos últimos catro anos, o Executivo autonómico duplicou a oferta deste programa ata acadar as 250 prazas, e unha mostra do crecente interese que esperta entre as familias é que na edición deste verán se cubrirá o seu 100%.

Este programa está destinado a persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e con idades comprendidas entre os 11 e os 50 anos. Os campamentos comezarán a principios do mes de xuño e desenvolveranse ata setembro nun total de 15 quendas de dez días de duración. Os sitios en que se celebrarán estas actividades son o albergue xuvenil de Gandarío (Bergondo) e as residencias de tempo libre de Panxón (Nigrán) e O Carballiño.

Ademais do aloxamento en réxime de pensión completa, realizaranse actividades dirixidas ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza, ao coñecemento da nosa cultura ou á educación para a saúde. O equipo ao fronte dos campamentos estará formado por especialistas nos ámbitos educativo, sanitario, psicolóxico e terapéutico para que os participantes teñan todo o apoio que necesitan e disfruten ao máximo da estada. Así mesmo, a Xunta continúa a reforzar a accesibilidade co uso de pictogramas e novas aplicacións tecnolóxicas para persoas con discapacidade.

#### **Conciliación e respiro familiar**

Con este programa, o Goberno galego ofrece ás persoas con discapacidade os recursos que precisan para disfrutar do verán e incide no benestar das familias, que teñen a tranquilidade de que os seus achegados están ben atendidos mentres elas poden tomar un respiro e descansar dos seus coidados.

O obxectivo destes campamentos para persoas con discapacidade é ofrecer alternativas de ocio accesible para todos. Neste sentido, cómpre lembrar que, ademais desta programación específica, as persoas con discapacidade tamén puideron solicitar praza no resto da oferta da campaña de verán da Xunta de Galicia, que pon á disposición das familias 11.500 prazas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ LUZ VERDE A UNHA GUÍA TÉCNICA PARA FACILITAR O TRABALLO DOS AXENTES URBANÍSTICOS E PROMOVER O USO SUSTENTABLE DO TERRITORIO**

- O documento é froito da colaboración entre a Xunta, a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que contou cun investimento autonómico de máis de 6.000€
- A guía diríxese aos profesionais na materia urbanística, como arquitectos, aparelladores, xurídicos ou enxeñeiros, para favorecer as súas consultas técnicas
- Esta publicación posibilitará reforzar a seguridade técnica e xurídica dos profesionais e desenvolver así un urbanismo responsable
- Trátase dunha recompilación de fichas de afeccións, servidumes e limitacións sobre o dereito de propiedade do solo, procedentes da normativa estatal e autonómica
- Este documento permitirá afondar de modo sinxelo e esquemático en todas as afeccións que atinxen ao territorio, nos ámbitos de costas, montes, portos, telecomunicacións, estradas ou patrimonio, entre outros
- Estas fichas poderán ser consultadas e descargadas nas páxinas web da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

O Consello da Xunta dá luz verde a unha guía técnica para facilitar o traballo dos axentes urbanísticos e promover o uso sustentable do territorio.

Este documento é froito do convenio de colaboración entre a Xunta, a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), que contou cun investimento autonómico de máis de 6.000€.

Os citados organismos elaboraron unha guía consistente na recompilación de fichas gráficas de afeccións, servidumes e limitacións sectoriais sobre o dereito de propiedade do solo, procedentes da normativa estatal e autonómica.

O obxectivo é proporcionarlles unha ferramenta para a consulta técnica aos profesionais na materia urbanística, como os arquitectos, aparelladores, xurídicos, enxeñeiros e demais oficios con coñecementos en ordenación do territorio.

Esta iniciativa tamén posibilitará reforzar a seguridade técnica e xurídica dos profesionais e desenvolver así un urbanismo responsable.

A guía substitúe as fichas anteriormente confeccionadas polo COAG nos anos 2007 e 2011, debido á alta demanda de actualización formulada polos profesionais deste ámbito.

No marco do citado convenio e dadas as novidades normativas acaecidas na última década no eido urbanístico, procedeuse á actualización destas fichas e á recompilación nun documento informativo único.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas fichas gráficas poderán ser consultadas e descargadas no seu formato dixital por calquera interesado nas páxinas web tanto da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística como do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, pero tamén serán difundidas en formato papel.

### **Afeccións detalladas**

De xeito máis concreto, a guía permitirá afondar de modo sinxelo e esquemático en todas as afeccións que atinxen ao territorio.

En primeiro lugar, este documento conta cunha sección de fichas de afeccións do medio físico, que inclúen costas, dominio hidráulico, montes ou medio natural.

En segundo lugar, a guía debulla as diferentes afeccións ás infraestruturas: transporte, portos, aeronáutica, enerxía, telecomunicacións ou defensa.

En terceiro lugar, as diferentes afeccións ao patrimonio tamén están detalladas nesta publicación, facendo especial fincapé nos camiños de Santiago.

En cuarto lugar, salientanse as limitacións do medio antrópico, é dicir, as relativas á depuración, á minaría ou ás actividades de explotacións gandeiras, entre outras.

Por último, no documento poderán consultarse as limitacións civís, atendendo ao establecido no Código civil e na Lei de dereito civil de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE Á CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE EMERXENCIA, DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE NA ÁREA DE VIGO

- O contrato terá unha duración de 6 meses, coa posibilidade de prórroga por outros 3, en que se tramitará un novo contrato por procedemento aberto
- Trátase dunha medida necesaria para garantir a continuidade deste servizo sanitario esencial tras a comunicación da actual empresa da imposibilidade de continuar coa prestación do servizo

O Consello da Xunta abordou hoxe un informe sobre a tramitación de emerxencia para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente da área de Vigo.

Esta contratación terá unha duración de seis meses, coa posibilidade de prórroga por outros tres, en que a Consellería de Sanidade, a través de Urxencias Sanitarias de Galicia-061, tramitará un novo contrato do servizo por procedemento aberto.

O servizo de transporte sanitario urxente terrestre na área de Vigo, que comprende os concellos de Vigo, Cangas do Morrazo e Moaña, é un servizo esencial para a poboación que debe seguir a prestarse, logo da comunicación da actual empresa da imposibilidade de continuar coa prestación do servizo.

O orzamento do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na área de Vigo recollido neste procedemento de emerxencia ascende a 2.901.952,48 euros, IVE exento. Está prevista a posible prórroga, por un período de 3 meses e cun importe de 1.380.169,82 euros. O contrato de emerxencia fixa a entrada en vigor para a prestación do servizo no 1 de xuño de 2024.

#### **Garante a continuidade e a calidade do servizo**

Deste xeito, a Consellería de Sanidade, a través da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, garante a continuidade e a calidade da prestación do servizo de transporte sanitario urxente nos concellos de Vigo, Cangas do Morrazo e Moaña e segue a prestar a mellor asistencia ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias no punto en que se atope o paciente.

Co procedemento de emerxencia do que foi informado hoxe o Consello da Xunta, a Consellería de Sanidade trata de axilizar a contratación deste servizo esencial coa maior brevidade, para seguir a cumprir co seu compromiso coa eficacia, a eficiencia e a calidade desta actividade sanitaria asistencial para a poboación galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta garante a atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias no medio extrahospitalario as 24 horas, os 365 días do ano, nos concellos de Vigo, Cangas do Morrazo e Moaña.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O 97% DAS ZONAS DO CENSO DE AUGAS DE BAÑO DE GALICIA TEN UNHA CLASIFICACIÓN SANITARIA EXCELENTE OU BOA

- A Xunta iniciará o vindeiro 1 de xuño unha nova campaña do Programa de vixilancia, tomando como referencia o informe final da pasada tempada
- Galicia conta co 25% de zonas de baño marítimas e continentais do censo nacional
- Durante o ano 2023, revisáronse 498 zonas de baño con 515 puntos de mostraxe en 117 concellos
- Na tempada de baño recolléronse máis de 5.000 mostras, cunha periodicidade aproximada de 15 días
- O 91,8 % dos puntos de mostraxe obtivo a clasificación sanitaria excelente, unha das mellores marcas desde que empezou este método de avaliación, en 2011, cando a porcentaxe foi do 70,7%
- A área recreativa de Brocos, no concello de Agolada, entrou por primeira vez no rexistro con clasificación de excelente
- A vixilancia das zonas de baño que realiza a Consellería de Sanidade é fundamental para evitar enfermidades derivadas da contaminación

O 97% das zonas rexistradas no censo de augas de baño de Galicia conta cunha clasificación sanitaria excelente ou boa. Así se recolle no informe final sobre o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño 2023, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, presentado hoxe no Consello da Xunta.

O Goberno galego iniciará o vindeiro 1 de xuño unha nova campaña do Programa de vixilancia, tomando como referencia o informe final da pasada tempada.

Na pasada tempada, e con motivo da entrada en vigor do Decreto 175/2022, do 13 de outubro, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia, a Xunta fixo públicas as augas de baño que pasan a formar parte do novo Rexistro de Augas de Baño de Galicia, ben na sección I (augas de baño incluídas no Censo de zonas de augas de baño, na sección II (augas de baño en avaliación) ou na sección III (augas con prohibición permanente do baño).

Na sección I do rexistro da temporada 2023 figura un total de 498 zonas de baño, con 515 puntos de mostraxe que se atopan en 117 concellos.

Destes 515 puntos de mostraxe, o 91,8% obtivo unha clasificación sanitaria de excelente. Trátase dunha das mellores porcentaxes desde que se comezou a empregar o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual adaptado á normativa europea, en 2011, cando se situaba no 70,7%.

Durante 2023, o 5,4 % das zonas de baño obtiveron unha clasificación boa e o 1,2% unha clasificación suficiente. Tan só no 1,2% dos puntos de mostraxe analizados se atopou unha clasificación insuficiente, mentres que un 0,4% de puntos quedaron sen clasificar por haber dúas praias ás que non foi posible acceder.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, recolléronse máis de 5.000 mostras.

Por primeira vez, analizáronse as augas da área recreativa de Brocos, no encoro de Portodemouros, no concello de Agolada (Pontevedra), e o resultado da súa avaliación sanitaria foi de excelente.

En xeral, obsérvase unha tendencia á mellora na calidade das augas de baño cada temporada, ao se incrementar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e diminuír aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

A vixilancia sanitaria realizouse no 96,2% dos puntos de mostraxe censados, agás nas dúas zonas de baño inaccesibles. O 100% dos episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados.

Esta vixilancia é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante afluencia que rexistran praias, ríos ou lagoas.

Galicia, con respecto ao último censo nacional de 2022, conta co 21,4% das zonas de baño marítimas de España e o 3,1% en zonas continentais.

### **Información á disposición da cidadanía**

A temporada de baño establécese, con carácter xeral, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano. A vixilancia sanitaria das zonas de baño consiste na mostraxe periódica da auga destas zonas incluídas nas seccións I e II do rexistro. Recóllense en total 10 mostras de cada zona, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *Escherichia coli*. Ao final da temporada, cos resultados obtidos calcúlase a clasificación sanitaria de cada zona de baño mediante o sistema descrito na Directiva 2006/7/CE. Tamén se leva a cabo a inspección anual de todas as zonas de baño e, en coordinación coas administracións competentes, a xestión do risco para a saúde derivado da exposición ás cianobacterias e ás súas toxinas nos encoros con zonas de baño.

Desde o inicio da temporada, infórmase da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na [páxina web da Consellería de Sanidade](#) e no [mapa de zonas de baño de Galicia](#).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, os resultados microbiolóxicos introdúcense no Sistema de información nacional de augas de baño (Náyade). Unha vez calculada a clasificación sanitaria final de cada zona de baño, publícase tamén na páxina web. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios das zonas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas.

No caso de augas con clasificación sanitaria insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste, para evitar a exposición dos bañistas á contaminación. Tamén deberán determinarse as causas e motivos polos que non se acada a clasificación suficiente e adoptar as actuacións axeitadas para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación, ademais da comunicación á poboación desta información.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ ESTE ANO 300.000 EUROS A INCENTIVOS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOSANITARIO**

- O Executivo galego incrementa en 50.000 euros a partida orzamentaria destinada aos programas sociosanitarios que realizan entidades sen ánimo de lucro
- Establécense catro liñas de axudas para mellorar a calidade de vida das persoas que padecen enfermidades neurodexenerativas; trastorno do espectro autista; dano cerebral adquirido, parálise cerebral e epilepsia; ou enfermidades raras e linfedema
- A actual convocatoria incorpora como novidade, na cuarta liña de axuda, os programas que teñan como destinatarios persoas con síndrome de Down
- A contía dos incentivos oscila entre os 4.000 e os 12.000 euros

A Xunta destinará este ano 300.000 euros a incentivos para a realización de programas e actividades de carácter sociosanitario desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro.

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá un informe da Consellería de Sanidade en relación coa nova orde de subvencións para este ano 2024, que ten por obxectivo apoiar o desenvolvemento de programas de carácter sociosanitario por parte das entidades sen ánimo de lucro.

A Xunta impulsará catro liñas de axuda para apoiar a realización de actividades, accións e medidas dirixidas a apoiar aquelas persoas que teñen necesidades sociosanitarias especiais.

En concreto, a primeira liña de incentivos contará cunha partida de 115.000 euros e irá dirixida a impulsar os programas relacionados con enfermidades neurodexenerativas, como o alzheimer, a demencia ou o párkinson. A segunda liña de axudas, para as que se dispón unha partida de 65.000 euros, apoiará actividades vinculadas ao trastorno do espectro autista. A terceira liña disporá de 60.000 euros para programas que abordan o dano cerebral adquirido, a parálise cerebral ou a epilepsia. Por último, a orde disporá dunha partida de 60.000 euros destinada a unha cuarta liña de axudas centrada nas enfermidades raras, o linfedema e a síndrome de Down.

Na convocatoria deste 2024, o Executivo galego incrementa en 50.000 euros a partida orzamentaria destinada aos programas sociosanitarios que realizan as entidades sen ánimo de lucro. Ademais, incorpora como novidade as actividades que teñan como destinatarias as persoas con síndrome de Down.

A finalidade desta liña de incentivos é mellorar a calidade de vida das persoas con necesidades de atención sociosanitaria asociadas e con elas búscase aumentar a súa autonomía, favorecer a súa rehabilitación, mellorar a súa integración, ou paliar as posibles limitacións que atopan estas persoas no seu día a día.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, a Xunta subvencionará aqueles programas que, relacionados con estas doenzas, aborden os eidos da rehabilitación fisioterapéutica, a logopedia, o ámbito cognitivo, as terapias ocupacionais ou o apoio psicolóxico destinado á atención e rehabilitación destes colectivos.

As entidades sen ánimo de lucro que queiran optar a estes incentivos farano en réxime de concorrencia competitiva. Poderán solicitar a súa inclusión nunha única liña do programa e optar a incentivos que oscilarán entre os 4.000 e os 12.000 euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONTRIBUÍU Á ENTREGA DE MÁIS DE 1.750 BOVINOS A GANDARÍAS GALEGAS GRAZAS AO LABOR DESENVOLVIDO POLO CENTRO DE RECURSOS ZOOXENÉTICOS DE FONTEFIZ**

- O centro, situado no Pazo de Fontefiz, no concello ourensán de Coles, leva case 40 anos traballando en prol das razas autóctonas e supervisando o desenvolvemento dos programas de recuperación, conservación e fomento dos recursos zooloxenéticos autóctonos de Galicia en perigo de extinción
- Nos últimos anos vense realizando un labor fundamental no eido da conservación destas razas, subministrando sementais e reprodutoras que axudaron á fundación de novas explotacións que colaboran co centro
- Neste eido destaca especialmente a raza cachena, con 174 gandarías colaboradoras e 4.809 animais reprodutores, que superan os 6.000 individuos se se teñen en conta as crías
- As tres actividades principais que se realizan neste centro son o mantemento do rabaño fundacional das cinco razas autóctonas bovinas (Cachena, Frieiresa, Caldelá, Limiá e Vianesa) a unidade de recuperación da Galiña de Mos e o mantemento e aumento do Banco de Xermoplasma
- En referencia ás actuacións futuras que desenvolverá este centro, preténdese afondar, entre outras cuestións, no mantemento do rabaño fundacional bovino, para que continúe sendo o garante da variabilidade xenética das poboacións

O Consello da Xunta avaliou hoxe os labores e funcións actuais do Centro de Recursos Zooloxenéticos de Galicia (CRZG), situado no Pazo de Fontefiz do concello ourensán de Coles, así como as actuacións realizadas ao longo dos seus case 40 anos de historia traballando en prol da recuperación e conservación das razas autóctonas galegas. Ademais desta tarefa, o centro tamén é responsable de supervisar o correcto desenvolvemento dos programas de recuperación, conservación e fomento de todos os recursos zooloxenéticos de Galicia en perigo de extinción.

O CRZG, constituído como un centro de referencia no seu sector, vén desenvolvendo un labor fundamental no eido da conservación das razas autóctonas nas últimas décadas. Neste sentido, achegou máis de 1.750 bovinos ás gandarías colaboradoras, subministráronse sementais e reprodutoras que axudaron a fundar novas explotacións que colaboran co centro. Entregáronse tamén de preto de 230 sementais de ovella galega e 21 de cabra galega.

Entre o 1994 -nos inicios do programa de conservación- e a actualidade rexistrouse un importante aumento no censo de animais e no número de gandarías colaboradoras, debido en parte ao labor desenvolvido polo Centro de Recursos Zooloxenéticos. Destaca especialmente a raza cachena, con 174 gandarías colaboradoras e 4.809 animais reprodutores, que superan os 6.000 individuos se se teñen en conta as crías.

As principais actividades en que está a traballar actualmente o CRZG son o mantemento do rabaño fundacional das cinco razas bovinas en perigo de extinción -Cachena, Frieiresa,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Caldelá, Limiá e Vianesa- que está composto por 227 bovinos. Outra das actividades é a unidade de recuperación da Galiña de Mos, composta por sete lotes distintos de cría ata un total de case 200 galiñas e preto de 40 galos da raza de Mos. Este é un dos casos de éxito do centro debido ao aumento que experimentou esta raza, cunha grande expansión e cunha extraordinaria valoración comercial nas súas producións.

Por último, o centro tamén se ocupa do mantemento e aumento do Banco de Xermoplasma. Destaca pola súa importancia para a conservación de recursos zootécnicos e está composto por case 800.000 doses de seme bovino e 162 embrións; 4.700 doses de seme ovino e 250 de cabrún, case 2.800 doses de porco celta e, por último, 3.035 doses de seme e 10 embrións de cabalo galego.

### **Funcións do centro**

Entre as funcións deste centro destacan a realización do control técnico das normas establecidas para cada raza, comprobando a súa correcta aplicación. Tamén supervisan, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos zootécnicos e xenealóxicos dos animais presentados aos certames de gando selecto. Ademais, propoñen a declaración de extinción do recoñecemento dunha asociación para a xestión do libro xenealóxico, por incumprimento dos requisitos que o orixinaron. Ao mesmo tempo, tamén avalían as actuacións en materia de xestión dos libros xenealóxicos que deban ser examinadas de novo. Por último, encárganse da comprobación da correcta aplicación das subvencións públicas e colaboran co Club Can de Palleiro na xestión do Libro xenealóxico da raza.

### **Actividade científica**

O Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia contribúe tamén a promover a realización de traballos de investigación en estreita colaboración coas asociacións de criadores e outras institucións. A finalidade deste tipo de actuacións é obter o maior coñecemento posible sobre os recursos zootécnicos autóctonos galegos cientificamente obtidos e estimular a súa publicación en revistas científicas e prensa popular.

Neste sentido, participou ao longo dos últimos anos en ata 12 proxectos de innovación tecnolóxica. Estes proxectos de investigación proporcionaron unha información fundamental para o coñecemento das razas autóctonas e das capacidades produtivas que estas poden acadar.

### **Actuacións futuras**

Con tantos anos de experiencia e con moitos obxectivos xa acadados, nos próximos anos preténdese afondar no mantemento do rabaño fundacional bovino, para que continúe sendo o garante da variabilidade xenética das poboacións e elemento de apoio á incorporación de reprodutores ás explotacións dos criadores colaboradores, en especial ás de nova ou recente creación.

Ademais, procurarase aumentar o número de doadores macho bovinos para enriquecer o Banco de Xermoplasma e mellorar a obtención de seme conxelado de galos de Mos, así como facer unha valoración individual por galiñas reprodutoras. Continuarase tamén colaborando estreitamente coas diferentes asociacións para afondar na caracterización

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das nosas razas e para a implantación do maior número posible de gandarías delas en Galicia. Por outra banda, levarase a cabo unha iniciativa co obxectivo de conseguir seme sexado, aquel elaborado especificamente para xerar descendentes machos ou femias.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE MÁIS DE 4,6 MILLÓNS DE EUROS NA INTERNACIONALIZACIÓN DOS PRODUTOS PESQUEIROS GALEGOS NAS PRINCIPAIS FEIRAS INTERNACIONAIS**

- O Goberno galego promove a participación das empresas da cadea mar-industria en 24 feiras de referencia nacional e internacional co obxectivo de que os produtos do mar alcancen novos mercados e a potenciais consumidores
- Os fondos destinados á internacionalización de mercados medrou un 30% este ano, o que supuxo un incremento de máis dun millón de euros respecto aos 3,6 millóns do ano 2023
- Esta estratexia inclúe a colaboración mediante convenios con outras entidades como Anfaco-Cecopesca, Clusaga, Conxemar ou a Fundación Nueva Pescanova para reforzar as accións de promoción do consumo

A Xunta reforza a internacionalización das empresas pesqueiras galegas co obxectivo de que o peixe e marisco galegos conquisten novos mercados e a un maior número de potenciais clientes. Así se recolle no informe presentado hoxe no Consello do Executivo galego, no que sinala a presenza das compañías galegas, co apoio da administración autonómica, en 24 feiras nacionais e internacionais cun desembolso de máis de 4,6 millóns de euros.

Destaca a consolidación da presenza en mercados internacionais como Xapón, EE.UU. ou Emiratos Árabes Unidos (EAU) que están a experimentar unha demanda crecente de produto de mar participando con expositor propio na Summer Fancy Food Show (Nova York), a Gulfood (Dubai), a Seafood Expo Asia (Singapur) ou a Foodex Xapón (Tokio). A isto súmase a participación na feira PLMA de Ámsterdan, principal feira europea no ámbito da marca de distribuidor que supón un punto de encontro esencial para fabricantes e retallistas.

Por outra banda o Goberno galego está impulsando en colaboración coas Cámaras de Comercio misións comerciais ás feiras China Fisheries & Seafood Expo 2024 en Quindaon (China) e a Busan Internacional Seafood & Fisheries Expo 2024 (Corea do Sur). Tamén está previsto acudir a Nova Deli (India), en colaboración co Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) para facer unha prospección e coñecer de primeira man o potencial deste mercado para os produtos galegos.

Este esforzo na internacionalización das empresas galegas foi reforzado cun incremento nos fondos destinados a este fin nun 30% respecto aos 3.6 millóns do ano 2023, o que permitiu ampliar a asistencia a un maior número de feiras internacionais. Un traballo que ven sustentado polas cifras récord de exportacións da cadea mar-industria que facturou no 2023 preto de 2.800 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Outras entidades**

Como complemento a estas actuacións a Xunta, en colaboración do Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), puxo en marcha o programa Competemar para a mellora competitiva das empresas do mar proporcionando un paquete completo de servizos de internacionalización para o sector pesqueiro mediante a formación e a información coa identificación de novos mercados, optimización dos recursos dispoñibles e a prospección dos mercados seleccionados en misións directas en Francia e EE.UU.

Tamén coa coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros e a mellora da súa comercialización mediante un convenio con Anfac-Ceopesca que tamén recolle actuacións específicas para a consolidación nos principais mercados e desenvolvemento estratexias de diversificación. Outro dos piares é o convenio con Conxemar para apoiar o Congreso Internacional Conxemar-FAO como referente en temáticas relacionadas coa alimentación e o peixe conxelado e axudar á promoción da principal feira de produtos do mar conxelados Conxemar 2024.

O Goberno galego tamén está impulsando en colaboración coa Fundación Nueva Pescanova a organización do II Global Sustainable Seafood Galicia Forum como foro de debate na busca de propostas para unha mellor sustentabilidade dos produtos pesqueiros nas súas tres vertentes: social, ambiental e económica.

### **Evento piloto**

A Consellería do Mar, en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración está preparando o desenvolvemento dun evento piloto en Europa para difundir os produtos pesqueiros nos países cunha importante colectividade galega para que actúen como os mellores difusores da calidade, sabor e propiedades dos produtos do mar de Galicia. A intención deste proxecto é ampliálo a seis eventos a desenvolver entre Europa e América.